

# PERSOAS S.A.



UN DOCUMENTAL DE  
CARMEN PG  
GRANXEIRO

CO APOIO DE  
ARELAS  
ASOCIACIÓN DE FAMILIAS  
DE MENORES TRANS

Presentación	3
Sinopses	4
Nota da directora	5
Ficha técnica	6
A directora	7
A produtora	8
Producción e contactos	10

# **título**

PERSOAS S.A.

## **xénero**

Documental.

## **versión orixinal**

Galego, español, inglés, francés, alemán.

## **subtítulos**

Español / Inglés.

## **duración**

82 min.

## **formato**

Dixital HD anamórfico 1080.



## **interveñen**

Xácia Paris Ceive, Marta Álvarez Quintero, Daniela Ferrández Pérez, Cristina Palacios Castro, Vincent Anthony Eldering Ferreiro, Braulio Vilariño Varela, Laura Halçague, Mai Insua, Marián Rodríguez, Laura Bugalho Sánchez, Cathaysa Veiras Ramos, Óscar Iglesias Resúa, Sara Covas Palacios, Suso Covas, Mariám Mariño Costales, Enrique Latorre Ruiz, Guadalupe Jiménez-Esquinas, Katie Maurer, Marina Echebarría Sáenz, Miguel Vieito Villar, Eva Mejuto, Carmen Salvadores Cobas, Lucía Carreira Varela, Carme Adán, Jeane Costa, Vanesa Papiri Villanueva, Brais Fernández Papiri, Ana Ojea Alonso, Chartreuse, Empar Pineda, Manoel Da Costa, Éric Dopazo...

# sinopse curta

Unha diversa realidade máis aló do cisheteronormativo agarda nesta historia colectiva de lembranzas, reflexións e amizades dun verán marcado pola pandemia.

# sinopse longa

O colectivo LGBTIQ, e as loitas interseccionais que representa ou pode representar, pénsase nas charlas dos cafés, nas imaxes de arquivo, na manifestación a prol dunha lei trans estatal ou no medio dunha montaña, ao longo da historia e dos continentes, mentres tomas o aperitivo ou teces.

Para Brais foi importante conxelar óvulos antes do tratamento de hormonación, para Laura non foi sinxelo medrar sendo lesbiana na Arxentina dos anos oitenta, Óscar non saiu do armario ata chegar á facultade, a Chartreuse gústalle empregar pronomes non binarios e Daniela lembra a primeira vez que preguntou por Bibiana Fernández. Jeane fala desde unha perspectiva afrodescendente, Lalo lembra o París dos anos 70 e as loitas sociais galegas vinculadas ao movemento pola liberación sexual, Marina non esquece as mortes no Campo Grande de Valladolid e as compañeiras que participaron da organización da primeira manifestación LGBT no estado falan desde Barcelona.

Son moitas as voces non normativas e tamén cishetero que se mesturan para conformar un relato sito no cotiá das nosas vidas dun verán marcado pola pandemia.

# nota da directora

Nos últimos meses un barullo mediático propagaba teorías, teorías sobre teorías e desventuradas subteorías de teorías... pero esquecía a parte fundamental do debate. As persoas.

Dentro da diversidade LGBTIQ+ désígnanse realidades por moita xente descoñecidas e é dende ese descoñecemento que o medo, a violencia, a discriminación e a intolerancia rebélanse como respostas inxustas, para quen as recibe pero tamén para quen as xera. A educación e a comunicación son parte fundamental para erradicar un problema social, o das fobias, que nos afecta a todas as persoas que vivimos en sociedade, en comunidade.

Na corentena comecei traballar sobre a idea e de seguida uníuseme Cristina Palacios, de ARELAS, cos seus coñecementos e contactos, ca súa aportación nos traballos de produción, o proxecto ía tomando forma e, logo da corentena, saín gravar. Gravacións adaptadas ao contexto sanitario que describen a diversidade dentro desta realidade que estamos a vivir.

Como lesbiana cada un dos minutos empregados neste traballo está intimamente ligado á miña realidade, cada conversa foi un (auto)recoñecemento e cada unha das persoas que pasan por diante da cámara, un agasallo nestes tempos en que sentirse acompañada é tan importante. As nosas vidas fan fronte á patoloxización, á victimización, á exclusión... son vidas a prol dun mundo mellor para a liberdade das persoas, de todas.

# ficha técnica

Lugar de producción Lugo

Año de producción 2020

Duración 82 min

Formato de grabación HD anamórfico 1080 **(1,333)**

Formato de proyección HD anamórfico 1080 **(2,35)**

## Cor

Sonido Estéreo 16bits

Copia de exhibición DVD/DCP

Idioma Galego, español, inglés, francés, alemán. (subt. español/subt inglés)

# a directora

Carmen PG Granxeiro traballa en torno á creación. No audiovisual destacan pezas como o seu **1948-2016**. **Un final para empezar**, arredor das súas vivencias como muller lesbiana, **Atenas. Meeting point**, que xira en torno ao movemento cidadán organizado en Atenas con respecto á crise das persoas refuxiadas, **Benvidas ao club**, premiado no Festival de Málaga e que se adentra na trata con fins de explotación sexual ou **Un día Normal** estreado no The 7th Art Festival de Miami a finais de 2019 e parte da selección oficial do Festival de documental Alcances de Cádiz. No campo da ficción audiovisual destacan a curta **La imagen del secreto**, rodada en 16mm, ou **20.30 hrs** premiada no Hummus Fest de La Casa Encendida de Madrid como mellor curta fantástica en 2016. Na videocreación, **Etiquétame** é finalista en 2014 ao Premio Nacional de Videoarte de Canal+.

Traballa con artistas plásticos en Berlín e participa de experiencias colectivas creativas na The Art House de Nova Orleáns. Da fotografía e o vídeo xurden participacións en exposicións colectivas, como a *Plastika17* na Sala Apóstrophe de Vigo ou *Fotogramas* na Galería Etimoe de A Coruña. Experimenta tamén co deseño gráfico e a ilustración, técnica ca que estrea no 2020 a colección *Láminas de Mujeres Memorables*, e mestura soportes en exposicións multidisciplinares como a de *Mentireira*, inaugurada na Galería Iskoo de Lugo.





# as produtoras

ARELAS é unha asociación formada por familias de rapazada transexual pioneira en abrir o debate social sobre a existencia da transexualidade infantil en Galicia. Desde Arelas organízanse charlas, mesas redondas e diversas actividades culturais e de ocio, elabóranse protocolos e publicacións, e participase da produción de traballos audiovisuais.

Socia fundadora e presidenta da Asociación ARELAS, Cristina Palacios é propulsora e co-autora do Protocolo Educativo sobre Identidade de Xénero para a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, unha das impulsoras da Lei de Identidade de Xénero de Galicia e co-organizadora das Xornadas sobre Diversidade Sexual desde a Educación da Universidade de Santiago de Compostela. Productora do proxecto Sorrisos transformadores como exposición fotográfica e web serie, autora de diversas publicacións especializadas, charlas como o TEDx Galicia e múltiples conferencias, participa neste documental nos traballos de produción, dando forma ao apoio de ARELAS, xunto a Amaia Santamarta Benito, habitual coprodutora da directora e a propia Granxeiro.





# a produción

**Carmen PG Granxeiro - creadora**

[granxacinema@gmail.com](mailto:granxacinema@gmail.com)

699 635 949

[www.carmenpggranxeiro.com](http://www.carmenpggranxeiro.com)

**Cristina Palacios Castro - Asociación ARELAS**

[arelasasociacion@gmail.com](mailto:arelasasociacion@gmail.com)

686 160 465

[www.asociacionarelas.org](http://www.asociacionarelas.org)

Seguindo a tradición do cine independente e das súas variadas correntes, empregando as novas tecnoloxías como ferramentas para facer fronte ás imposicións da industria audiovisual, facendo da falta de medios un signo de distinción ético e estético, e empregando canles alternativos para a súa distribución, este documental enmárcase baixo unha licenza Creative Commons (Atribución-Compartirlgual)

PERSOAS S.A.